

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 27 DE DECEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago a título persoal á S.A.R. o Príncipe de Asturias.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Organización do Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Navegación e Pesca de Litoral.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Vídeo Disc-Jockey e Son.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e Loxística.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Acuicultura.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Márketing e Publicidade.

- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Electromecánica de Maquinaria.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Estética e Beleza.
- Decrto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Cultivos Acuícolas.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Asistencia á Dirección.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior de Centrais Eléctricas.
- Decreto polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do fondo de asistencia social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

## **ACORDOS**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de inclusión dixital no eido da administración local, cun importe de setecentos sesenta e oito mil douscentos setenta e dous euros (768.272 euros).



## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda aos convenios de colaboración asinados o 4.10.2010 e o 25.6.2012, entre a Consellería de Economía e Industria e a empresa Repsol Butano, S.A. para o desenvolvemento de redes de distribución de GLP en núcleos de poboación, cofinanciados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder 2007-2013, por importe de un millón cincocentos mil euros (1.500.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da xunta de Galicia e as empresas Gas Galicia SDG, S.A. e Gas Directo, S.A. para o desenvolvemento do Plan de gasificación de Galicia 2011-2013, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder 2007-2013.

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga para o ano 2014 do convenio de colaboración entre a Consellería de Traballo e Benestar e a Fundación Meniños para a execución do programa de integración familiar. Importe: trescentos oitenta mil euros (380.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de addenda e prórroga para o ano 2014 do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e a Deputación de Pontevedra, para a atención de menores no centro residencial Príncipe Felipe, cun importe total de setecentos sesenta e dous mil vinte e cinco euros con cincuenta e seis céntimos (762.025,56 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de axudas, mediante a Resolución do 3 de decembro de 2012, aos proxectos de investimento empresarial con financiamento procedente de fondos comunitarios do programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

### **CONSELLERÍA CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Informe polo que se da conta ao Consello da Xunta da Resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia do expediente de contratación da elaboración do

proxecto básico e de execución para a rehabilitación do Santuario de Nosa Señora da Barca en Muxía, por importe de trinta e seis mil trescentos euros (36.300€).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a adxudicación das obras do Hospital de Ourense.



## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE CONCEDE O TÍTULO DE EMBAIXADOR DE HONRA DO CAMIÑO DE SANTIAGO A TÍTULO PERSOAL Á S.A.R. O PRÍNCIPE DE ASTURIAS

- *A concesión do título de Embaixador de Honra está regulada polo Decreto 163/2013, do 24 de outubro*
- *O Príncipe de Asturias será posuidor do título de Embaixador de Honra polo seu acreditado apoio á difusión, promoción e coñecemento da Ruta Xacobeá e dos valores asociados a ela*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se concede o título de Embaixador de Honra do Camiño de Santiago á S.A.R. O Príncipe de Asturias. A concesión deste título está regulada no Decreto 163/2013, do 24 de outubro, e é o titular da Presidencia da Xunta de Galicia quen realiza a súa concesión.

O pasado día 23 de outubro, o presidente da Xunta de Galicia remitiu ao xefe da Secretaría da S.A.R. unha carta en que o informaba da aprobación do devandito decreto polo que se regula o título de Embaixador de Honra e trasladáballe o convite para o seu nomeamento como o primeiro Embaixador de Honra do Camiño de Santiago, como recoñecemento ao permanente apoio da Casa Real na promoción e defensa dun dos principais símbolos de Galicia, de España e de Europa no mundo.

En comunicación recibida o 28 de novembro deste ano, o xefe da Casa da S.M. O Rei transmitiu a aceptación do Príncipe e o seu nomeamento como Embaixador de Honra do Camiño de Santiago.

O Príncipe de Asturias terá o título de Embaixador de Honra polo seu apoio constante ao longo do tempo, a través dos seus xestos de recoñecemento cara á Ruta Xacobeá, manifestando a súa condición de peregrino en distintas ocasións, así como mediante a súa participación nos actos dos anos santos ou como divulgador dos valores xacobeos en todo o mundo. O título acredita, de igual modo, a axuda prestada pola S.A.R. na difusión, promoción e coñecemento do Camiño de Santiago e dos valores asociados a el, así como o seu compromiso de futuro para a divulgación do culto e a cultura xacobeá.



## **A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN ADAPTOU XA ÁS NECESIDADES DA SOCIEDADE E SECTORES PRODUTIVOS GALEGOS TODOS OS CURRÍCULOS DE FP PUBLICADOS POLO MINISTERIO**

- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á modernización de 15 ciclos formativos, cos que xa son 90 os adaptados polo departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad desde o ano 2009*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á modernización de 15 currículos de ciclos formativos, de tal forma que son xa 90 os adaptados á realidade socioeconómica e sectores produtivos de Galicia, axustándoos ademais ás esixencias da Lei das cualificacións profesionais. Trátase de todos os posibles, é dicir, todos os que – á súa vez- o Ministerio do ramo publicou no BOE. Neste sentido cómpre salientar que este complexo proceso se desenvolveu en tan só 4 anos, mentres que o anterior Goberno bipartito tan só adaptou nunha lexislatura 6 currículos.

Os currículos aprobados este venres na reunión semanal do Goberno galego son os de grao medio correspondente aos títulos de técnico en Aproveitamento e Conservación do Medio Natural, en Electromecánica de Maquinaria, en Mantemento e Control de Maquinaria de Buques e Embarcacións, en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas, en Vídeo Disc-Jockey e Son, en Navegación e Pesca de Litoral, en Cultivos Acuícolas, en Estética e Beleza e en Organización do Mantemento de Maquinaria de Buques e Embarcacións. No caso dos de grao superior, deuse luz verde aos currículos correspondentes aos de técnico superior en Acuicultura, en Centrais Eléctricas, en Animación Sociocultural e Turística, en Asistencia á Dirección, en Márketing e Publicidade e en Transporte e Loxística.

A adaptación dos currículos de formación profesional á realidade galega enmárcase na estratexia de posta en valor destas ensinanzas impulsada polo departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad, e unha das accións que favoreceron o incremento da matrícula na FP galega nos últimos 5 cursos. De feito no curso 2013/14 hai na FP galega un total de 51.564 matriculados, fronte aos 34.746 do 2008/09, un 48,40% máis, 16.818 estudantes máis. Neste sentido, destaca ademais o o éxito da FP nos centros públicos, nos cales o incremento do alumnado no último lustro ascende ao 54,8%, o que supón que 15.860 - do total de 16.818- deses estudantes máis que hoxe ten a FP cursan estas ensinanzas en centros públicos.



## **MÁIS DE 43.500 PENSIONISTAS BENEFICIARÁNSE DO COMPLEMENTO EXTRAORDINARIO DE 206 EUROS AO QUE A XUNTA DESTINARÁ 9 MILLÓNS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece este complemento extraordinario*
- *A axuda vai destinada ás persoas beneficiarias de pensións non contributivas da seguridade social (PNCS); do fondo de asistencia social (FAS); e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)*
- *Só outras dúas comunidades autónomas manteñen na actualidade un complemento autonómico para este colectivo*
- *Os pensionistas deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas desde o 1 de xaneiro ata a data de entrada en vigor do decreto, o mesmo día da súa publicación no DOG*
- *O pagamento realízase de oficio a todas as persoas que cumpran as condicións a través dunha transferencia bancaria*

O Goberno galego destinará preto de 9 millóns de euros ao pagamento do complemento extraordinario de 206 euros destinado ás persoas beneficiarias de pensións non contributivas da seguridade social (PNCS); do fondo de asistencia social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM). Este complemento chegará a máis de 43.500 pensionistas galegos.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto que establece este complemento. A contía aboarase nun pagamento único no mes de xaneiro. Esta axuda beneficiará, polo tanto, a pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva; a persoas anciás e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas, e ás persoas que presentan unha minusvalidez e que son beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Só outras dúas comunidades autónomas, Andalucía e Cataluña, manteñen un complemento autonómico destinado a este colectivo, sendo Galicia a rexión que destina a contía máis elevada.

Para optar a estas axudas non é necesario que os beneficiarios presenten ningún tipo de solicitude nin facer ningún trámite adicional, xa que directamente percibirán o complemento extraordinario os que xa estean cobrando as pensións mencionadas.

En concreto, actualmente 43.445 pensionistas galegos perciben unha pensión non contributiva; 12 reciben axudas do Fondo de Asistencia Social (FAS) e 492 do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM).



Para recibir estas axudas hai que cumprir dous requisitos: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina, é dicir, ser xa pensionista na data 1 de xaneiro de 2013 e permanecer nesta situación na data de entrada en vigor do decreto (o mesmo día da súa publicación no DOG) que autorizou hoxe a Xunta.

O pagamento realizarase de oficio a todas as persoas beneficiarias que reúnan estes requisitos, para o que se recorrerá á información contida na base de datos da Xunta de Galicia. O pagamento efectivo farase a través dunha transferencia bancaria na conta corrente onde as persoas beneficiarias teñan domiciliado o recibo ordinario da súa prestación.

### **Aposta pola inclusión**

Esta medida inscríbese na aposta da Xunta de Galicia por apoiar as persoas máis desfavorecidas. Nesta mesma liña de actuación inclúese o aumento do orzamento destinado á renda de integración social de Galicia (RISGA) que se ten realizado ao longo deste ano co fin de dar cobertura aos novos beneficiarios.

Ademais, o orzamento destinado á renda de inclusión social de Galicia crecerá tamén en 2014 ata os 39,7 millóns de euros. Isto é, un 21,4% máis que en 2013. Tamén se blinda o orzamento destinado ás Axudas de Emerxencia Social, con 4,5 millóns de euros.

O Goberno galego está a apostar pola RISGA como unha verdadeira ferramenta de impulso no camiño cara á inclusión. Por iso, a Lei de inclusión que xa se aprobou no Parlamento, aposta por unha nova RISGA, que evite que se cronifiquen estas situacións.

A principal novidade desta normativa é que se avanza cara a unha estratexia coordinada entre os servizos sociais, o Servizo Público de Emprego de Galicia e as estruturas técnicas da consellería competente co obxectivo de que o itinerario das persoas para saír da exclusión, con apoio público, sexa coherente e continuado, desde o social ao laboral.





## **A XUNTA E A FEGAMP COLABORARÁN NA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DE GALICIA**

- *Ten como obxectivo avanzar na capacitación dixital dos galegos, impulsando a participación dos axentes sociais, entidades públicas e privadas nos servizos que se prestan desde a Rede CeMIT*
- *En 2014 o Goberno galego investirá en total 1,6 millóns de euros no mantemento das 98 aulas que integran a Rede e que contan con máis de 32.200 usuarios rexistrados*

A Xunta e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) colaborarán na elaboración do Plan de inclusión dixital de Galicia para garantir que a capacitación dixital chegue a todos os galegos e avanzar cara aos obxectivos marcados polas axendas dixitais española e europea.

O convenio, aprobado hoxe polo Consello do Goberno galego e que asinarán proximamente a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fegamp, supón o inicio da segunda fase da Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT), que se puxo en marcha en 2010 para fomentar o uso das novas tecnoloxías entre a sociedade galega, especialmente entre os colectivos máis afectados pola fenda dixital.

Tras tres anos de consolidación da Rede cun total de 98 aulas integradas, presentes en 92 concellos e con máis de 32.200 usuarios rexistrados, a Xunta busca garantir a capilaridade destes servizos promovendo a participación dos axentes sociais, empresariais e entidades públicas para incrementar as actuacións en materia de inclusión dixital en todo o territorio galego.

Con este acordo garántese e continuidade e mellora dun servizo fundamental para reducir a fenda dixital, facilitando unha aprendizaxe permanente neste eido, e contribuíndo á mellora da empregabilidade a través da formación para o emprego no eido das TIC

### **Investimento**

Segundo se recolle no acordo, en 2014 a Amtega achegará aos concellos a través da Fegamp 768.000 euros para a realización de actividades en materia de alfabetización dixital nas preto de 100 aulas da rede. Este orzamento distribuirase atendendo a criterios de actividade das aulas. A esta cantidade súmase o investimento no soporte e mantemento das infraestruturas dos centros e na elaboración de contidos para a formación que ascende a máis de 911.000 euros. En total, o vindeiro ano a Amtega destinará á formación dixital da Rede CeMIT máis de 1,6 millóns de euros.



Nesta nova etapa da Rede CeMIT a Fegamp xogará un papel fundamental como canle de comunicación cos concellos galegos e será a encargada de transferir a subvención aos municipios atendendo aos criterios de actividade establecidos no acordo e na difusión do Plan de inclusión dixital a través da Rede CeMIT.

### **Plan de inclusión**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica será a encargada de elaborar, no primeiro semestre de 2014, o Plan de inclusión dixital de Galicia. Xunto coa Fegamp xestionará e coordinará as actividades definidas no plan e impulsará a participación dos axentes sociais, entidades públicas e privadas en actuacións de inclusión dixital.

O obxectivo final é incrementar a oferta de formación dixital pública en condicións de igualdade para todos os galegos, con independencia da súa idade, lugar de residencia ou situación económica

### **Máis de 98.000 horas de formación en tres anos**

Desde a súa posta en marcha en 2010 nas aulas da Rede CeMIT impartíronse máis de 98.400 horas de formación gratuíta, das cales preto de 80.000 corresponden a alfabetización dixital para a cidadanía.

Nestes tres anos a Rede rexistrou máis e de 32.200 usuarios cun nivel de satisfacción de 8,8 sobre 10.

O plan formativo de CeMIT ten 11 itinerarios formativos con máis de 60 cursos dirixidos á cidadanía, pemes, profesionais TIC e empregados públicos. Para a formación destes dous colectivos a rede conta coa colaboración de Centro Demostrador TIC, o CNTG e a Escola Galega de Administración Pública, tres centros desde os que tamén se retransmiten seminarios, xornadas e actividades a través da rede de videoconferencias de aulas CeMIT.



## O NOVO PLAN DE GASIFICACIÓN DA XUNTA MOBILIZARÁ PRETO DE 5,5 MILLÓNS EN 37 CONCELLOS E BENEFICIARÁ A 225.000 GALEGOS

- *Impúlsase o transporte e distribución de gas natural e GLP para mellorar a competitividade do tecido empresarial e incrementar a calidade de vida dos cidadáns*
- *Promóvese a extensión do gas a núcleos de poboación de difícil acceso, contribuíndo ao desenvolvemento económico destas zonas, así como á integración e ao equilibrio territorial*
- *Con este novo plan preto de 115 municipios, máis do 70% da poboación, terá acceso a esta fonte de enerxía*

A Xunta de Galicia desenvolverá un novo plan de gasificación para o período 2014-2015 que permitirá achegar o gas natural e o mellorar o acceso ao GLP a 37 concellos galegos e beneficiar a unha poboación de 225.000 habitantes. Dase así un novo paso na creación dunha infraestrutura de transporte e distribución de gas encamiñada a incrementar a competitividade do tecido empresarial galego e a calidade de vida da cidadanía.

Para acadar este obxectivo, o plan mobilizará un total de case 5,5 millóns de euros entre investimento público e privado, promovendo a extensión das infraestruturas de distribución de gas canalizado a núcleos de poboación de difícil acceso, o que contribúe ao desenvolvemento económico destas zonas, así como á integración e ao equilibrio territorial.

Así, o novo plan prevé dous campos de actuación: gas natural e GLP. A extensión do gas natural, cuxos traballos serán desenvolvidos por Gas Galicia, permiten a incorporación de 20 novos concellos e a conclusión dos traballos iniciados no eido do anterior plan noutros 8 municipios.

No primeiro grupo, o programa beneficiará, na provincia da Coruña a Boiro, Camariñas, Cariño, Cedeira, Fisterra, Laxe, Muros, Muxía, Pontedeume, Porto do Son, Santa Comba e Vimianzo; a Guitiriz, Outeiro de Rei, Palas de Rei e Xove, en Lugo; ao Pereiro de Aguiar e Xinzo de Limia, en Ourense; e a Lalín e O Grove, na provincia de Pontevedra. No segundo grupo encádranse os municipios coruñeses de Ares, A Pobra do Caramiñal, Carral e Mugardos; Viveiro, en Lugo; e Pontearreas, Salceda de Caselas e Salvaterra de Miño en Pontevedra.

No tocante á extensión de GLP, os traballos serán desenvolvidos por Repsol Butano e beneficiarán a 17 concellos que verán incrementada a súa rede. Na provincia da Coruña, Melide, Noia, O Pino e Sada; en Lugo, A Fonsagrada, Castro de Rei, Meira, Monterroso e Ribadeo; en Ourense, A Rúa, Allariz, Celanova e O Barco de Valdeorras; e en Pontevedra, A Estrada, Moraña, Barro e Silleda.



Deste xeito, grazas á posta en marcha das infraestruturas previstas no acordo, serán xa máis de 2 millóns os galegos que terán acceso ao gas, tanto natural como licuado. Así, co novo plan de gasificación, preto de 115 municipios que representan máis do 70% da poboación terán acceso a esta fonte de enerxía.



## **BENESTAR FINANCIÁ O MANTEMENTO DE 100 PRAZAS DE MENORES DA CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE PARA O QUE DESTINA 760.000 EUROS**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga do convenio de colaboración coa Deputación provincial de Pontevedra, que permitirá o mantemento de 75 prazas de acollemento residencial e outras 25 de atención diúrna*
- *Nesta instalación, dependente da corporación provincial, préstase atención a aqueles menores tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá en 2014 máis de 760.000 euros para o mantemento de 100 prazas concertadas -75 residenciais e 25 de centro de día- de atención a menores da Cidade Infantil Príncipe Felipe, un centro do que é titular a Deputación de Pontevedra.

O Consello da Xunta autorizou hoxe a prórroga do convenio de colaboración coa entidade provincial, que dá continuidade a unha cooperación entre ambas as administracións que se vén levando a cabo desde hai aproximadamente 20 anos.

A Cidade Infantil Príncipe Felipe conta con módulos, para prestar distinto tipo de atención en función das idades e características dos menores. Ademais, ao igual que o resto de centros de menores de Galicia, ofrece unha atención que abrangue aspectos educativos, formativos e de coidado e atención que permiten o desenvolvemento da personalidade individual dos rapaces

Ao respecto, a Consellería de Traballo e Benestar lembra que o ingreso dun menor nestes centros, aínda que sexa de modo temporal, realízase tras un estudo rigoroso e cando se esgotan todas as posibilidades de mantemento do neno na súa familia, a través da utilización doutros recursos preventivos, como son as axudas económicas, os apoios ás familias ou as achegas escolares.

Os menores acollidos nestes centros reciben un tratamento individualizado por parte do equipo educativo e un seguimento evolutivo.

O obxectivo fundamental da atención de menores por parte da Administración autonómica é a de mellorar a situación persoal e sociofamiliar dos nenos procurando, en xeral, a súa reintegración na familia de orixe e se non é posible nunha familia acollidora. En total, a Xunta dispón de case 1.200 prazas de atención a menores con medidas de protección en toda Galicia.

A colaboración mantida coa Deputación de Pontevedra enmárcase dentro do programa de acollemento residencial de menores tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia.



## **A XUNTA INVESTIRÁ 380.000 EUROS NUN PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR QUE BENEFICIARÁ A 320 MENORES**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo para o mantemento en 2014 destes recursos, que se desenvolve en colaboración coa Fundación Meniños*
- *O seu obxectivo é potenciar a reunificación e a preservación familiar en casos de menores en situacións de desamparo ou desprotección*

O Goberno galego investirá un total de 380.000 euros en 2014 no desenvolvemento dun programa de integración familiar que permitirá axudar a un total de 320 menores e 180 familias.

Esta iniciativa, que a Consellería de Traballo e Benestar desenvolve en colaboración coa Fundación Meniños, está dirixido a aqueles núcleos familiares en que se producen situacións de maltrato ou desprotección. Céntrase principalmente en dúas áreas: a reunificación e a preservación familiar.

En canto á reunificación, nesta área actúase para mellorar a situación sociofamiliar e persoal dos nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias e residen en centros de acollida. A finalidade é acadar unha incidencia directa nos núcleos familiares de referencia e favorecer a súa reunificación.

Por outra banda, a segunda área céntrase na preservación, potenciando os recursos das familias e promovendo os cambios necesarios para previr e evitar que se produza a separación do menor. Para conseguilo, lévanse a cabo distintas medidas como a a intervención psicosocial ou a educación e terapia familiar.

Para desenvolver todo este traballo, o programa conta con distintos profesionais como psicólogos, orientadores, traballadores sociais ou pedagogos. Estes encárganse de axudar ás familias e menores a resolver problemas de conduta, a construír un ambiente afectivo e protector, así como a adquirir hábitos e habilidades de organización familiar.

Esta iniciativa inscríbese na aposta da Xunta pola protección dos menores e, ademais, ten en conta a política deste departamento de primar a reunificación ou preservación familiar sobre a tutela. O obxectivo principal, sempre que sexa positivo para o nenos, é manter o menor no seu contorno familiar. A Consellería desenvolve distintos proxectos relacionados con menores como o acollemento familiar, os centros, o programa de adopcións ou as accións de inserción sociolaboral, entre outros.



## A XUNTA IMPULSA A MOBILIZACIÓN DE 157 MILLÓNS DE EUROS MEDIANTE 34 PROXECTOS DE GRANDES INVESTIMENTOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe os 9 últimos grandes proxectos deste exercicio*
- *O total da liña de grandes investimentos en 2013 prevé a creación ou o mantemento de preto de 3.000 empregos*
- *Contribúese con estes apoios á captación de investimentos internacionais, con proxectos promovidos por grupos empresariais da China, Francia, Dinamarca, Canadá ou Alemaña*
- *A convocatoria Galicia Inviste 2014, xa activada, ten como novidade a redución do investimento mínimo subvencionable de 500.000 a 200.000 euros*

A Consellería de Economía e Industria informou no Consello da Xunta, da aprobación, a través do Igape, dos últimos 9 proxectos de grandes investimentos do ano 2013 que, sumados aos aprobados no que vai de ano, acadan a cifra de 34 proxectos que mobilizarán 157 millóns de euros e crearán ou axudarán a manter preto de 3.000 empregos.

Esta liña de apoios a grandes investimentos empresariais contribúe á dinamización económica e á captación de investimento estranxeiro. De feito, entre os proxectos aprobados ata a data figuran investimentos promovidos por grupos de capital chinés, francés, danés, canadense ou alemán, o que pon de manifesto o interese que segue a espertar Galicia entre os investidores internacionais.

As bases reguladoras das axudas a grandes proxectos de investimento empresarial prevén maior valoración e unha porcentaxe superior de axuda garantida para os proxectos que se localicen nas provincias de Lugo e Ourense e nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, así como na Costa da Morte. De feito, dos 9 proxectos que veñen de ser aprobados, 6 prevén desenvolverse en zonas amparadas por plans de especial dinamización.

Os investimentos que veñen de ser aprobados desenvolverán actividades industriais como as auxiliares da automoción, a fabricación de compoñentes aeronáuticos, a elaboración e envasado de fertilizantes, a fabricación de equipamentos de elevación, artes gráficas, mecanizado de pezas industriais, a extracción e produción de minerais ou a valorización de residuos.

Entre os obxectivos que procura o programa, a través do cal se mobilizaron a pasada lexislatura 434 millóns de euros, está o de estimular a posta en marcha de proxectos de investimento empresarial en Galicia promovendo e dinamizando a actividade económica na comunidade autónoma; favorecer o desenvolvemento equilibrado do territorio galego e lograr o incremento do emprego, a través do desenvolvemento e mellora da



competitividade das empresas existentes; así como coa creación e posta en marcha de novas iniciativas empresariais.

A convocatoria para 2014 do Programa Galicia Investe xa está á disposición das empresas e prevé como novidade que o investimento mínimo xeral subvencionable se reduza de 500.000 a 200.000 euros, e o investimento mínimo para proxectos de servizos avanzados baixa de 200.000 a 100.000 euros.





## **A XUNTA DE GALICIA CONTRATARÁ O PROXECTO DE REHABILITACIÓN DO SANTUARIO DA VIRXE DA BARCA EN MUXÍA**

- ***A Consellería de Cultura e Educación comprometerá 36.300 euros para a redacción do proxecto básico e de execución de rehabilitación do templo***

O Consello da Xunta deu hoxe conta da resolución da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola que se acorda a tramitación de emerxencia da contratación do proxecto básico e de execución da rehabilitación do Santuario da Virxe da Barca en Muxía, cumprindo así co compromiso do Goberno galego de iniciar no menor tempo posible as actuacións necesarias para recuperar este significativo elemento do noso patrimonio cultural. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 36.300 euros á redacción deste proxecto por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Cómpre salientar que a rapidez coa que se levou esta tramitación ao Consello da Xunta é posible grazas a que os técnicos da Consellería están a traballar na zona desde o primeiro momento.

### **Avance dos traballos**

Neste momento o persoal técnico está a traballar para asegurar a estabilidade e as estruturas do santuario, co fin de poder realizar os traballos de valoración e rehabilitación en condicións de seguridade suficientes, así como para garantir a conservación dos elementos orixinais.

Unha vez acaben eses labores realizarase o estudo e análise de danos e patoloxías completo coa finalidade de redactar o proxecto de reparación e rehabilitación do santuario. Así mesmo, realizaranse os estudos, ensaios e análises necesarios sobre os retablos e material cultural, litúrxico e mobiliario de valor cultural, para avaliar o seu estado de conservación e a gravidade dos danos ocasionados.

Neste sentido cómpre sinalar que, polo momento, non foi posible realizar unha avaliación dos danos, xa que se deu prioridade a apagar o incendio e adoptar as medidas oportunas para asegurar a zona e vixiar para que o lume non se reactivase. Os principais danos observados afectan aos bens mobles do interior do templo, especialmente aos que se atopaban na sancristía e no presbiterio, así como ao retablo principal e ao mobiliario litúrxico da zona do altar. Así mesmo, resultaron danadas por completo as estruturas de madeira das cubertas, da sancristía e da nave da igrexa, e todas as superficies de muros, teitos e chan no interior do templo aparecen ennegrecidos pola acción das lapas, o fume e a auga.



## **A OBRA DE AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DO CHUO INICIARASE NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2014**

- *A Xunta cumpre o compromiso e finaliza en 2013 todos os trámites administrativos previos á sinatura do contrato*
- *O Sergas destinará arredor de 41 millóns de euros na execución desta primeira fase das obras do CHUO*

A Xunta de Galicia cumpre os compromisos adquiridos con respecto á ampliación e modernización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense e finaliza neste 2013 todos os trámites administrativos previos á sinatura do contrato. O inicio da obra iniciarase no primeiro trimestre de 2014, e terá un prazo de execución duns 2 anos desde a formalización do contrato.

Para iso, o Sergas vai adxudicar a obra de hospitalización do CHUO, á que destina un orzamento de arredor de 41 millóns de euros.

### **Detalles técnicos do proxecto**

A ampliación do CHUO vai supoñer unha mellora substancial na prestación da asistencia sanitaria á cidadanía ao incorporar os últimos avances na área de hospitalización incluída nesta obra.

Segundo consta no proxecto de obra, a superficie útil é de 47.864 m<sup>2</sup> e a súa superficie construída será de 53.941 m<sup>2</sup>. A obra abordará a execución dun novo bloque de hospitalización, que constará dunha área de servizos xerais e a ampliación e dotación de aparcadoiro (tanto para o persoal do centro sanitario como para o resto dos cidadáns).

Máis en detalle, a torre de hospitalización ten sete andares de hospitalización con dúas unidades por andar. Isto é, un total de 14 unidades, das que 9 son polivalentes médico cirúrxicas, unha de psiquiatría, de paliativos, de oncoloxía e dúas unidades innovadoras. En total ten unha capacidade máxima de arredor de 900 camas. Ademais, dispón dunha área de docencia, cafeterías para o público e o persoal, departamento de admisión, tendas e vestíbulo.

Douta banda, os servizos xerais constan de cociña, mantemento, vestiarios, zona de residuos, mortuorios e almacéns. Por último, a área de aparcadoiro artículase en 3 andares con arredor de 700 prazas.

